



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

ACTA NÚMERO 1: PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A EDUCADOR/A FAMILIAR.

PRIMEIRA PROBA: EXAME TIPO TEST

No salón de actos da casa Dopeso do Concello das Pontes de García Rodríguez, as nove horas e trinta minutos do día 20/04/2026, reúnense as persoas compoñentes do Tribunal que xulgará o procedemento de selección arriba referenciado.

Asisten á sesión:

Presidencia:

Matilde Montserrat González Rivera, persoal laboral fixo (asimilada ao subgrupo A1)

Vogalías:

Katia Rouco Corral persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A2)

José Manuel Campello Blanco, persoal laboral fixo (asimilado so subgrupo A1)

Ernesto Gancedo Herreras, persoal laboral fixo (asimilado so subgrupo A1)

Secretaría:

Lara López Ares, funcionaria de carreira (subgrupo A1)

Logo de elaborado o exame a realizar, procédese a chamar e identificar ás persoas aspirantes que a continuación se indican, para realizar o primeiro exercicio da fase de oposición.

As persoas que acudiron ao exame son as seguintes:

NOME E APELIDOS	DNI	ASISTE/NON ASISTE
ÁLVAREZ PÉREZ, EMMA	***7392**	NON
AMARELO BELLAS, MARÍA	***2775**	SI
AMORÓS CORRAL, MARÍA	***2813**	SI
ARES MACEIRAS, NOELIA	***3983**	SI
BOUZO LÓPEZ, ESTER	***8719**	SI
CABALEIRO GARCÍA, ANA MARÍA	***7455**	SI
CARBALLO BARJA, EVA GLORIA	***6594**	NON
CARRAL PARRADO, ALEXANDRE	***0291**	NON
CUADRADO GONZÁLEZ, ANTIA	***7328**	NON
CUEVAS SEOANE, CELIA	***9054**	SI



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencvms/g/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

DOCAMPO RAMÓN, ANA	***5853**	SI
FERNÁNDEZ-REINANTE SALVATIERRA,M. CARMEN	***9826**	SI
GARCIA LAGE, AITANA	***9320**	NON
GESTO SANTALLA, AUREA	***0436**	NON
GOMEZ SILES, EVA	***5440**	NON
GRUEIRO MEIZOSO, AITANA	***2676**	SI
IGLESIAS FERNÁNDEZ, LAURA	***0088**	SI
LÓPEZ ÁLVAREZ, IRENE	***3798**	SI
LOPEZ BOADO, TANIA	***9403**	SI
LOUREIRO MARIÑO, ANDREA	***2651**	NON
MELLA REGUEIRO, VANESA	***0417**	SI
NOGUEIRA CAMBON, SONIA	***6337**	SI
PAZ GONZÁLEZ, CANDELA	***4467**	SI
PENA AMENEDO, AIDA	***3875**	SI
SÁNCHEZ BARRO, ANDRÉ	***8276**	SI
VALIÑO LÓPEZ, KATIA	***2748**	NON
ZABALGOGEAZCOA PITA, IRENE	***2466**	NON

As persoas aspirantes que non compareceron quedan excluídas do proceso selectivo.

As bases de selección determinan para esta proba que :

6.1.2 Exercicio a desenvolver (de carácter obrigatorio e eliminatorio):

A proba consistirá na contestación por escrito, nun prazo máximo de 60 minutos, dun cuestionario tipo test composto por 60 preguntas, máis 5 preguntas de reserva, con 3 respostas alternativas das cales unicamente unha será a correcta, relacionadas co contido do temario que figura no Anexo I.

Cada resposta correcta será puntuada con 1 punto. As respostas incorrectas e en branco non descontarán.

O exercicio será cualificado cun máximo de 60 (sesenta) puntos debendo obter un mínimo de 30 (trinta) puntos para aprobalo.

Este exercicio realizase sen identificar as persoas aspirantes, de modo que nel non conste ningún dato do que poida deducirse a identidade de ningunha delas.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

A presidenta do tribunal explica a mecánica do exame, e dáse comezo á proba. Ás 10 horas e 10 minutos dá comezo o exame que remata ás 11 horas e 10 minutos.

Unha vez rematado o exame, recóllense as follas de respostas con código e os sobres pechados cos datos identificativos das persoas aspirantes.

De seguido, o Tribunal procede á corrección dos exames.

Segundo a base 6.1.1 das citadas bases, o Tribunal acorda:

- 1º) Anular a pregunta número 58 por repetida, e substituíla pola número 1 das de reserva.
- 2º) Publicar no taboleiro de anuncios electrónico do concello a copia do exame e a relación provisional de respostas correctas ás preguntas formuladas. Insírese como Anexo I a esta acta.
- 3º) Publicar no taboleiro de anuncios electrónico do concello as cualificacións provisionais codificadas do exercicio. Esta relación insírese nesta acta como Anexo II.
- 4º) Outorgar as persoas aspirantes un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta relación, para presentar reclamacións ás preguntas, á relación provisional de respostas correctas e ás cualificacións provisionais.
- 5º) Celebrar sesión pública de apertura de sobres cos datos identificativos das persoas aspirantes o día 27 de abril de 2026, ás 9:00 horas, no salón de actos da Casa Dopeso do concello das Pontes de García Rodríguez.

Non habendo máis asuntos que tratar a presidenta levantou a sesión ás 12:15 horas, estendéndose a presente acta da que eu, secretaria, dou fe.

A presidenta do Tribunal

A secretaria



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

ANEXO I: EXAME TIPO TEST PROPOSTO POLO TRIBUNAL E PLANTILLA DE RESPOSTAS PROVISIONAL

EXERCICIO A DESENVOLVER PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A EDUCADOR/AR FAMILIAR 2026

1. Segundo o artigo 10.1 da Constitución Española non é fundamento do orden político e a paz social.

- a) A dignidade da persoa
- b) Os dereitos inviolables que lle son inherentes
- c) Ámbalas dúas son correctas

2. Cales dos seguintes dereitos non quedan garantidos polo artigo 18 da Constitución Española?

- a) A intimidade persoal
- b) A imaxe pública
- c) A intimidade familiar

3. Segundo o artigo noveno do Estatuto de Autonomía de Galicia.

- a) Os poderes da Comunidade Autónoma se exercen a través do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente
- b) Os poderes da Comunidade Autónoma se exercen a través do Parlamento e do seu Presidente
- c) Os poderes da Comunidade Autónoma se exercen a través do Parlamento, da xunta e do asesoramento das Deputacións

4. Segundo o estatuto de Autonomía de Galicia, ¿Quen nomea e cesa os Vicepresidentes e os Conselleiros?

- a) Os nomea o Presidente e os cesa o Presidente ou o Parlamento
- b) Os nomean e cesan por consenso entre o Parlamento e o Presidente
- c) O Presidente

5. En quen pode delegar as funcións administrativas a Comunidade Autónoma segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia.

- a) Provincias
- b) Municipios
- c) Provincias, Municipios e demais entidades locais recoñecidas neste Estatuto



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

6. Para os efectos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, teñen capacidade de obrar ante a Administración.

- a) Cando a Lei así o declare expresamente, os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos
- b) As persoas físicas ou xurídicas que ostenten capacidade de obrar conforme as normas civís
- c) As respostas a) e b) son correctas

7. Un acto administrativo que incorra en desviación de poder será.

- a) Nulo
- b) Anulable
- c) Enténdese que non se produciu nunca

8. Sinala a incorrecta: Segundo o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, teñen a consideración de Administracións Públicas.

- a) A administración Xeral do estado
- b) As entidades que integran a Administración Local
- c) Os organismos e entidades de dereito privado sen personalidade xurídica e dependentes dun ente privado

9. As competencias propias do Municipio.

- a) Determínanse pola propia entidade, xa que gozan de potestade de autoorganización
- b) Só poden ser determinadas por lei
- c) Ningunha das anteriores respostas é correcta

10. Como define a lei 13/2008 o sistema Galego de Servizos Sociais.

- a) Como un servizo de beneficencia para persoas sen recursos
- b) Como un servizo público de carácter discrecional segundo o presuposto
- c) Como un servizo público de carácter universal

11. Segundo o artigo 2.1 da lei 13/2008, os servizos sociais son.

- a) Recursos asistenciais subsidiarios
- b) Conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos
- c) Prestacións económicas

12. Segundo o artigo 5 do Decreto 99/2012 é deber das persoas usuarias:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

- a) Aceptar calquera intervención
- b) Facilitar información veraz e comunicar cambios
- c) Renunciar a outros sistemas de protección

13. Segundo o artigo 2.2 do Decreto 99/2012 os servizos sociais comunitarios garanten:

- a) A execución exclusiva de programas especializados
- b) A intervención social personalizada e a derivación técnica cando proceda
- c) A xestión directa de prestacións económicas

14. Os procedementos de valoración do grao de discapacidade serán prioritarios cando o órgano competente entenda que existen razóns de interese público, obxectivamente, que poidan alterar a orde ordinaria. Existe prioridade nos seguintes supostos:

- a) Menores de 3 anos
- b) Menores de 18 anos
- c) Menores de 35 anos

15. Segundo o artigo 14 do decreto 14/2019, pode exceptuarse o requisito de idade cando:

- a) A persoa teña menos de 21 anos
- b) Teña menores o seu cargo
- c) Reciba outra prestación

16. Segundo o artigo 16.1 do Decreto 14/2019, a RISGA e incompatible con:

- a) Calquera prestación pública
- b) Prestacións familiares
- c) Pensións non contributivas ou outras de importes iguais ou superiores

17. Segundo o artigo 3 da Orden de 25 de xaneiro de 2008, os centros de acollida e inclusión son:

- a) Aloxamento nocturno de emerxencia
- b) Centros residenciais temporais con programa de inclusión
- c) Centros para persoas transeúntes

18. Segundo o artigo 3 da Orden 25 de xaneiro de 2008, cando varios centros comparten edificio:

- a) Poden compartir instalacións sempre que se respecte a superficie mínima esixida por usuario e se acredite a súa independencia funcional
- b) Está prohibido compartir instalacións
- c) Só si son da mesma tipoloxía



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencvms/g/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

19. Segundo o artigo 5.1.a da Orde do 30 de xullo de 2025, as prestacións serán realizadas por:

- a) Persoal voluntario
- b) Persoal funcionario exclusivamente
- c) Persoal técnico cualificado

20. Segundo o artigo 5.1.b da Orde do 30 de xullo de 2025, a formación adaptada poderá subvencionarse:

- a) Excepcionalmente fora do servizo sociolaboral
- b) Sempre e como regra xeral
- c) Só para titulares da RISGA

21. En base o establecido no artigo 19.2 da Lei Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do menor, de modificación parcial do código Civil e da Lei de Enjuiciamento Civil, a garda voluntaria terá unha duración máxima de:

- a) Tres anos, salvo que o interese superior do menor aconselle, excepcionalmente, a prórroga da medida pola previsible reintegración familiar nun prazo breve de tempo
- b) Dous anos, salvo que o interese superior do menor aconselle, excepcionalmente, a prórroga da medida pola previsible reintegración familiar nun prazo breve de tempo
- c) Seis meses, salvo que o interese superior do menor aconselle, excepcionalmente, a prórroga da medida por medio ano mais

22. ¿Cal é o obxectivo principal do servizo de educación e apoio familiar?

- a) Apoiar e fortalecer as competencias parentais, promovendo un entorno familiar seguro e saudable que favoreza o desenrolo integral de tódolos membros
- b) Ensinar a nenos a ser independentes desde unha idade temperá
- c) Promover a alfabetización e aprendizaxe en nenos pequenos

23. ¿Cales son os principais destinatarios do servizo de educación e apoio familiar?

- a) Familias con fillos
- b) Estudantes universitarios sen responsabilidades familiares
- c) Familias en situación de vulnerabilidade ou risco social, co obxectivo de previr situacións de desprotección infantil e favorecer o benestar familiar.

24. ¿Que tipo de intervención é común no servizo de educación e apoio familiar?



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

- a) A mediación xudicial
- b) A intervención educativa e psicosocial , que inclúe orientación, mediación, formación e apoio emocional ós membros da familia
- c) A intervención exclusivamente financeira

25. Segundo a Lei 3/2011, de apoio a familia e a convivencia de Galicia, as políticas en materia de familia deberán orientarse a:

- a) Substituír á familia nas súas funcións educativas cando sexa necesario
- b) Promover a autonomía temperá dos menores fóra do núcleo familiar
- c) Apoiar o exercicio adecuado das responsabilidades parentais dende o enfoque da parentalidade positiva

26. No marco dos servizos sociais en Galicia o apoio ás familias oriéntase prioritariamente a:

- a) O control administrativo das unidades familiares
- b) O fortalecemento das capacidades familiares e a prevención de situacións de risco e desprotección
- c) A intervención exclusivamente asistencial

27. Segundo a Lei 3/2011, de apoio a familia e a convivencia de Galicia, as administracións públicas promoverán:

- a) A institucionalización dos menores como medida preventiva xeral
- b) A substitución das funcións parentais polos servizos sociais
- c) Medidas de apoio, orientación e formación dirixidas as familias para o exercicio das súas funcións parentais

28. Teñen garantidos os dereitos recoñecidos na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero:

- a) Tódalas mulleres españolas vítimas de violencia de xénero, con independencia da súa relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social
- b) Tódalas mulleres españolas vítimas de violencia de xénero, con independencia da súa relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, sempre que fosen maiores de idade
- c) Tódalas mulleres vítimas de violencia de xénero, con independencia da súa relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social

29. Son formas de violencia de xénero, entre outras (sinala a incorrecta):

- a) Violencia física
- b) Violencia administrativa
- c) O acoso sexual



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/g/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

30. ¿En que se basea a perspectiva de xénero?

- a) Nos danos que sofren as mulleres como consecuencia da violencia de xénero
- b) No análise dos roles de xénero tradicionalmente impostos
- c) Nas accións cas administracións públicas realizan contra a violencia de xénero

31. A garda e custodia dos fillos/as menores e a suspensión do réxime de comunicación e visitas do pai os fillos/as ¿é unha medida?

- a) Civil
- b) Penal
- c) De seguridade

32. A violencia vicaria implica que :

- a) O dano diríxese exclusivamente ós menores
- b) O obxectivo principal do agresor é causar dano a muller a través de terceiros
- c) É unha violencia bidireccional dentro da familia

33. O recoñecemento dos fillos/as como vítimas directas da violencia de xénero se consolida en:

- a) Lei Orgánica 1/2004
- b) Lei Orgánica 8/2021
- c) Lei de Enjuiciamento Civil

34. Atendendo ós dereitos legais das persoas maiores, ¿Cal é incorrecta?

- a) Os dereitos das persoas maiores son os mesmos cos do resto de poboación
- b) A nivel xurídico, as persoas maiores dispoñen de prioridades e protección especial
- c) Os malos tratos ás persoas maiores recoñécense dende fai varias décadas nos ámbitos profesionais

35. En torno o modelo de intervención comunitaria, ¿Cal é falsa?

- a) O principal obxectivo é a abordaxe das dificultades das persoas maiores dende o seu domicilio
- b) Os servizos residenciais considéranse un dos recursos primordiais, incluso en presenza de rede de apoio familiar
- c) Existen numerosos recursos que favorecen o coidado por parte da familia

36. Entre os indicadores básicos para a detección do maltrato físico infantil na conduta do adulto/coidador/a encontramos:

- a) Utiliza unha disciplina severa, impropia para a idade do neno ou nena
- b) Da explicacións lóxicas e convincentes con respecto á lesión do neno ou nena



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

c) Percibe a nena ou neno de maneira positiva

37. Entre os indicadores físicos do neno ou nena de abandono ou negligencia podemos citar:

- a) Retardo na adquisición de logros madurativos e problemas de aprendizaxe
- b) Cansazo inapropiado para a súa idade e apatía
- c) Ambas son correctas

38. Unha vez notificada a sospeita de maltrato, a responsabilidade de verificar ou confirmar o maltrato infantil corresponde a:

- a) Os servizos sociais
- b) A policía
- c) O xuíz

39. A garda, como medida de protección do/a menor, ¿A través de que figura se exercerá?

- a) Dunha resolución administrativa ditada que constituía a garda como medida de protección
- b) Dunha resolución xudicial firme que constituía a garda como medida de protección
- c) Acollemento familiar ou residencial

40.O/A educador/a familiar, á hora de realizar unha intervención deberá:

- a) Establecer unha relación de confianza co usuario/a.
- b) Establecer unha relación de amizade que favoreza unha mellor intervención.
- c) Ningunha é correcta.

41. Entre as consideracións importantes á hora de elaborar un informe socioeducativo está:

- a) A linguaxe empregada polo/a educador/a social debe ser clara e pouco técnica, evitando o uso de terminoloxía profesional.
- b) O cidadán non pode dispoñer do seu informe socioeducativo nin coñecer o seu contido.
- c) O/a educador/a social reflectirá a súa valoración baseada en datos obxectivos e contrastables, evitando percepcións que non poidan ser respaldadas.

42.- Cales destas situacións se considera unha situación de desamparo:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

- a) A utilización do castigo físico ou emocional sobre a menor ou o menor que, sen constituír un episodio severo ou un patrón crónico de violencia, prexudique o seu desenvolvemento.
- b) A falta de escolarización habitual do neno, nena ou do/da adolescente co consentimento ou a tolerancia dos pais, das nais ou das persoas que exerzan a garda, sempre que menoscabe o desenvolvemento e o benestar do ou da menor, ou supoña un prexuízo grave para o neno, a nena ou o/a adolescente.
- c) a e b son correctas.

43.- As axudas de inclusión social son:

- a) Prestacións económicas non periódicas.
- b) Prestacións económicas comúns.
- c) Non son prestacións económicas.

44. Ante unha situación de risco dun menor:

- a) Corresponde ao Servizo do Menor a detección e valoración das situacións de risco.
- b) Corresponde ás Entidades Locais a detección e valoración das situacións de risco.
- c) Corresponde aos profesionais coas titulacións técnicas axeitadas a detección e valoración.

45.Características da violencia vicaria:

- a) O agresor busca facer dano á vítima mediante os fillos ou outras persoas e obxectos aos que esta lle ten apego e cariño.
- b) É un tipo de maltrato infantil.
- c) Ambas son correctas.

46. Cales son os documentos que conforman o expediente de absentismo escolar

- a) Listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas.
- b) Rexistro de cumprimento das distintas actuacións. De ser o caso, informe da xefatura de estudos sobre os motivos do incumprimento dalgunha actuación.
- c) Amábalas dúas son correctas.

47.Cales son os requisitos xerais de acceso á renda de inclusión social de Galicia:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/g/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

a) Ter residencia efectiva e constatada polos servizos sociais comunitarios responsables de desenvolver as accións que se deseñen no correspondente proxecto de integración social e estar empadroado ou empadroada en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega, polo menos durante os 3 meses anteriores á presentación da solicitude de valoración. Computaranse para estes efectos os períodos de empadroamento sucesivo en distintos concellos galegos.

b) Ter residencia legal.

c) Ter máis de 20 anos

48. ¿Que criterios evidencian o maltrato infantil?

a) As lesións físicas e/ou psicolóxicas ou a revelación do propio neno ou nena, debidamente contrastada.

b) Manifestación de terceiras persoas pero sen datos contrastados.

c) Ambas son correctas.

49. Un menor está en situación de desprotección:

a) Cando as persoas que están obrigadas a prestarlle atención e coidado non o realizan, ou o fan de maneira indebida, e como consecuencia o menor carece da necesaria asistencia moral ou material.

b) Cando está privado da necesaria asistencia moral ou material a causa do incumprimento dos pais/ nais dos seus deberes de protección.

c) Ambas respostas son erróneas

50 Segundo o artigo 9º da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, os servizos sociais comunitarios básicos:

a) Teñen un carácter predominantemente local, referenciados a un territorio e poboación determinados.

b) Poderán ter un carácter comarcal atendendo a criterios de equidade territorial e rentabilidade social

c) Teñen un carácter local aberto e polivalente, sendo a vía normal de acceso ao sistema de servizos sociais

51. Sería unhas das funcións da educadora familiar.

a) O Deseño, posta en marcha e avaliación dos proxectos individualizados da intervención social coas familias.

b) A protección social das persoas que se atopen en situación de conflito ou desamparo

c) A atención diúrna para actividades de prevención e promoción da saúde.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/g/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

52 Cales son os contextos obxecto da intervención

- a) O domicilio familiar e o entorno social mais próximo á familia(centro escolar, centro de saúde..)
- b) O domicilio familiar
- c) O domicilio familiar e centro escolar

53. Cales son as fontes de detección do maltrato infantil (marca a incorrecta):

- a) Poboación en xeral
- b) Profesionais que están en contacto co menor: servizos sociais comunitarios ou municipais, educadores, persoal sanitario, policía, monitores de tempo libre, etc.
- c) Familia.

54. Na LEI 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia enténdese por unidade de convivencia:

- a) O conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan respecto da persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou relación análoga estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.
- b) O conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan respecto da persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou relación análoga estable.
- c) Ambas son correctas

55. A modificación do dereito á renda de inclusión social de Galicia terá lugar polas seguintes causas:

- a) A variación do número de membros da unidade de convivencia ou dos recursos económicos que servisen de base para o cálculo da prestación económica da renda de inclusión social de Galicia dará lugar á minoración ou ao aumento que proceda, que terá efectos a partir do mes seguinte a aquel no que se produza a circunstancia causante.
- b) Cando, por acceder a unha actividade laboral, a persoa beneficiaria pase ao tramo de transición ao emprego. Neste caso suspenderase o pagamento das prestacións correspondentes aos tramos anteriores ata o momento no que se determinen as novas contías que correspondan.
- c) Cando existan elementos de xuízo suficientes que permitan deducir que a persoa beneficiaria perdeu os requisitos esixidos para a concesión da prestación. Unha vez iniciado o correspondente procedemento de revisión, poderá acordarse unha suspensión cautelar do seu aboamento ata a resolución de dito procedemento, que decidirá sobre a procedencia da reanudación do pagamento da prestación ou da súa modificación ou extinción.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

56. Considerase violencia psicolóxica segundo a a lei Ley 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero

a) Toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coacción, insultos, illamento, culpabilización ou limitación do seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

b) Privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos, ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella.

c) Condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, prevaléndose o suxeito activo dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da dita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou premio no ámbito da mesma.

57. Principais Dereitos dos Menores (Lei 3/2011 Galicia):(Sinalar a incorrecta)

a) Saúde, alimentación, educación, descanso e amor.

b) Asumir responsabilidades derivadas dos seus dereitos e respectar as normas de convivencia.

c) Protección fronte a calquera abuso, acoso ou maltrato físico, psíquico ou emocional.

58. Cal destas situacións se considera unha situación de desamparo:

a.) A utilización de castigo físico ou emocional sobre a menor ou o menor que, sen constituír un episodio severo ou un patrón crónico de violencia, prexudique o seu desenvolvemento.

b). A falta de escolarización habitual do neno, nena ou da/do adolescente co consentimento ou a tolerancia dos pais, das nais ou das persoas que exerzan a garda, sempre que menoscabe o desenvolvemento e o benestar da/do menor, ou que supoña un prexuízo grave para o/a adolescente.

c.) a e b son correctas.

59. Obxectivos do programa de educación familiar:

a) O obxectivo do programa é a intervención social individualizada de carácter integral en núcleos familiares que se atopan en situación de dificultade social ou en



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

risco. Esta intervención contemplará tanto actuacións socioeducativas e asistenciais como a inserción sociolaboral.

b) Os proxectos deberán ter un carácter integral, de maneira que se estableza un diagnóstico individual de cada núcleo familiar obxecto da intervención, así como a planificación das actuacións encamiñadas a superación da situación que presente o núcleo familiar.

c) Ambas son correctas.

60. O instrumento que empregan as educadoras familiares para comunicar situacións de posible desprotección de menores denomínase:

- a) Informe sociofamiliar
- b) Informe socioeducativo
- c) Informe de derivación

RESERVA

1. Onde se pode realizar a notificación no caso de maltrato infantil.

- a) Servizos Sociais do concello.
- b) Consellería de Política Social.
- c) Ambas son correctas

2. Que criterios indican acoso escolar?:

- a) A existencia de intención de facer dano
- b) A repetición das condutas agresivas
- c) Ambas son correctas

3. Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.
- c) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

4. Con que medidas poden ser corrixidas as condutas leves contrarias á convivencia escolar :

- a) Cambio de grupo.
- b) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- C) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.

5. Obxectivos da visita domiciliaria

- a) Obter, verificar ou ampliar información.
- b) Estudar e observar o ambiente social e familiar, proporcionar información á familia sobre o estado ou avance da intervención, control de situacións sociofamiliares, reforzamento das directivas xa facilitadas ao caso.
- c) Ambas respostas son correctas



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencvms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

PLANTILLA EXAME EDUCADOR/A SOCIAL 2026

1-C	41-C
2-B	42-B
3-A	43-B
4-C	44-B
5-C	45-C
6-C	46-C
7-B	47-B
8-C	48-A
9-B	49-A
10-C	50-C
11-B	51-A
12-B	52-A
13-B	53-C
14-B	54-A
15-B	55-A
16-C	56-A
17-B	57-B
18-A	58-B
19-C	59-C
20-A	60-B
21-B	
22-A	
23- C	RESERVA
24-B	1-C
25- C	2-C
26-B	3-A
27-C	4-C
28-C	5-C
29-B	
30-B	
31-A	
32-B	
33-B	
34-C	



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

35-B
36-A
37-C
38-A
39-C
40- A



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2025/E001/000010

Ref.:LLA

ANEXO II: RELACIÓN PROVISIONAL DE CUALIFICACIONES

CÓDIGO	PUNTUACIÓN PROVISIONAL
EF0001	43
EF0002	44
EF0003	49
EF0004	44
EF0005	40
EF0006	41
EF0007	45
EF0008	40
EF0009	43
EF0010	43
EF0011	51
EF0012	45
EF0015	48
EF0016	43
EF0023	43
EF0024	43
EF0025	47